

**Resolución do 27 de setembro de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, relativos á baremación provisional da fase de concurso.**

O apartado 5 da base sexta B) da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro) pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, dispón que realizada polo tribunal a baremación correspondente da fase de concurso, publicárase a mesma no Diario Oficial de Galicia con indicación da puntuación obtida por apartados, así como a valoración total da fase de concurso, para os efectos de que os aspirantes que o consideren oportuno poidan presentar reclamación ante o propio tribunal, polo tanto este Centro Directivo,

#### **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes das categorías de calefactor/a, electricista, enxeñeiro/a técnico/a, fontaneiro/a, mecánico/a, técnico/a especialista en laboratorio de diagnóstico clínico, e traballador/a social de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, convocado por resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro), nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web [www.sergas.es](http://www.sergas.es). relativas á baremación provisional da fase de concurso, nas distintas epígrafes e a valoración total, indicando ademais, se é o caso, a relación de aspirantes excluídos da fase de concurso por non aportar a documentación requirida ou por non cumprir os requisitos da convocatoria.

**Segundo.-** Abrir o prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, para que os interesados poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a puntuación outorgada nesta baremación, dirixida expresamente á Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

**Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2010.  
A DIRECTORA DE RECURSOS HUMANOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.**

**Asdo.: Esperanza Fernández Lago.**

**Resolución de 27 de septiembre de 2010, de la Dirección de Recursos Humanos, por la que se hacen públicos los acuerdos de los tribunales que juzgan el proceso selectivo para el ingreso en determinadas categorías de personal estatuario del Servicio Gallego de Salud, relativos a la baremación provisional de la fase de concurso.**

El apartado 5 de la base sexta B) de la resolución de la Secretaría General del Servicio Gallego de Salud de 18 de febrero de 2009 (DOG nº 40, del 26 de febrero) por la que se convoca concurso-oposición para el ingreso en diversas categorías de personal estatuario del Servicio Gallego de Salud, dispone que realizada por el tribunal la baremación correspondiente de la fase de concurso, se publicara la misma en el Diario Oficial de Galicia con indicación de la puntuación obtenida por apartados, así como la valoración total de la fase de concurso, para los efectos de que los aspirantes que lo consideren oportuno puedan presentar reclamación ante el propio tribunal, por lo tanto este Centro Directivo,

#### **RESUELVE:**

**Primero.-** Publicar las puntuaciones obtenidas por los aspirantes de las categorías de calefactor/a, electricista, ingeniero/a técnico/a, fontanero/a, mecánico/a, técnico/a especialista en laboratorio de diagnóstico clínico, y trabajador/a social de personal estatuario del Servicio Gallego de Salud, de los diversos procesos selectivos convocados por las diversas resoluciones de la Secretaría General del Servicio Gallego de Salud de 18 de febrero de 2009 (DOG nº 40, del 26 de febrero), en los tabloneros de anuncios de los servicios centrales y periféricos de la Conselleria de Sanidad y del Servicio Gallego de Salud y en su página web [www.sergas.es](http://www.sergas.es). relativas a la baremación provisional de la fase de concurso, en las distintas epígrafes y la valoración total, indicando además, si es el caso, la relación de aspirantes excluidos de la fase de concurso por no aportar la documentación requerida o por no cumplir los requisitos de la convocatoria.

**Segundo.-** Abrir el plazo de diez días hábiles, contados a partir del día siguiente al de la publicación de esta resolución en el Diario Oficial de Galicia, para que los interesados puedan presentar, de ser el caso, reclamación contra la puntuación otorgada en esta baremación, dirigida expresamente a la Dirección de Recursos Humanos del Servicio Gallego de Salud.

**Santiago de Compostela, 27 de septiembre de 2010.**  
**LA DIRECTORA DE RECURSOS HUMANOS DEL SERVICIO GALLEGO DE SALUD**

**Fdo.: Esperanza Fernández Lago.**